

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E REDEMPRENDIA PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “SPIN2016 CREANDO CULTURA EMPRENDEDORA” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA (CIDADE DA CULTURA DE GALICIA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A REDEMPRENDIA PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “SPIN2016 CREANDO CULTURA EMPREENDEDORA” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA (CIDADE DA CULTURA DE GALICIA)

Santiago de Compostela, a 10 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte,

Don Román Rodríguez González, en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A súa competencia ven dada polo artigo 34 da Lei 1/1983 da Xunta e do seu Presidente. Foi designado para o cargo en virtude do Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27, do 10/02/2015).

Ademais, actuando en representación da **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** (en diante FUNDACION) con CIF G15721640 e domicilio en Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceira planta, Monte Gaiás, s/n, Código Postal 15707, de Santiago de Compostela, en calidade de Presidente do Padroado da FUNDACION.

Don Francisco José Conde López, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante IGAPE), con NIF Q-6550010-J e domicilio en Santiago de Compostela, Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n. Comparece na súa calidade de Presidente do Instituto, actuando ao abeiro das facultades que lle concede o artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra parte,

Don Senén Barro Ameneiro con DNI 32746945M, actuando en representación de **REDEMPRENDIA**, asociación de universidades constituída como asociación de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e as súas normas complementarias, o 17 de outubro de 2008, ante o notario de Madrid Don Rafael Martínez Die, en escritura do seu protocolo número 2.292, con sede social na Avda. de Cantabria, s/n, Boadilla del Monte, Madrid, con NIF G85703247, en calidade de Director Xeral da asociación, nomeado o 18 de maio de 2016 pola Segunda Xunta Directiva da asociación, e

Don Juan M. Viaño Rey, Reitor da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, (en diante USC) con CIF Q1518001A, e enderezo na Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades do 21 de decembro e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Cada un dos intervinientes asegura que o poder con que actúa non foi revogado nin limitado, e que é bastante para obrigar ás súas representadas en virtude deste acto e, nesa representación

MANIFESTAN

I.- Que RedEmprendia, é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída ao amparo da Lei 1/2002, con plena capacidade xurídica e de obrar, cuxo fin esencial é o de crear un tecido empresarial iberoamericano xerado a partir dos resultados da I+D universitaria e contribuír a que as universidades iberoamericanas desempeñen un papel relevante neste proceso e se constitúan no seu motor.

RedEmprendia promove a innovación, investigación e o emprendemento responsables, integrada por un total de vinte e oito universidades iberoamericanas e auspiciada pola Universidade de Santiago e Banco Santander, cuns

beneficiarios potenciais dun millón e medio de estudantes, e que ten como finalidade a promoción da transferencia de coñecemento, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e o emprendemento responsables, dende o compromiso co crecemento económico, respecto ao medio ambiente e a mellora da calidade de vida.

Que RedEmprendia promove SPIN, a gran cita do emprendemento universitario iberoamericano; encarna unha oportunidade única para compartir experiencias, mellorar coñecementos e competencias en emprendemento ou coñecer as últimas tendencias e tecnoloxías que naceron da investigación universitaria e chegaron ao mercado.

Nesta edición, SPIN2016 organízase en Galicia entre o 29 setembro e o 1 de outubro do ano en curso, baixo o lema “Creando cultura emprendedora”, despregando un intenso programa dirixido a estudantes, investigadores, universidades, emprendedores, empresas e investidores; un encontro aberto coa vocación de espertar, apoiar e impulsar o talento emprendedor e investigador e fortalecer a contribución da Universidade ao desenvolvemento económico e social dos pobos e países. O SPIN promove así actuacións relacionadas coa transferencia de coñecemento, a valorización da investigación e o desenvolvemento na contorna universitaria, e o fomento da participación dos investigadores universitarios no desenvolvemento económico na procura das fórmulas máis eficaces para a valorización internacional da I+D universitaria.

Concretamente nesta edición, o proxecto SPIN2016 “Creando cultura emprendedora” porá en marcha tres programas deseñados para impulsar e apoiar o emprendemento universitario nas súas diferentes fases de desenvolvemento: a idea, modelo de negocio (M2M) e empresa (SM4S), cubrindo toda a cadea emprendedora e investigadora dende a universidade á empresa e ao mundo. Paralelamente, o proxecto inclúe conferencias, diálogos, testemuñas sobre creación de empresa en materia cultural, así como seminarios e concursos a ideas de negocio do sector creativo.

SPIN2016 “Creando cultura emprendedora” centra a súa atención no eido da investigación, do sector cultural e das industrias creativas, de substancial importancia na economía de Galicia (considerando os éxitos acadados no mundo da moda, artesanía, no eido audiovisual, musical e editorial, sen esquecer a investigación, a aplicación das novas tecnoloxías e a súa afectación á mellora da produtividade e competitividade), convertendo á nosa comunidade na capital mundial do emprendemento e a investigación universitaria.

II.- Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo. Que para os fins de difusión da cultura emprendedora na comunidade universitaria, apoio á creación, formación e desenvolvemento de empresas así como de promoción de iniciativas empresariais, a Universidade de Santiago de Compostela conta coa Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) e coa incubadora de empresas UNINOVA, ambas ubicadas no Edificio Emprendia do Campus Vida.

Que, segundo o artigo 4 dos Estatutos de la USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

III.- Que a Fundación foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26, do 8/02/2000) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación ten por obxecto a “*creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural*”. Segundo o previsto no artigo 6 dos seus estatutos, este desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus estatutos, a Fundación pode realizar (entre outras) as seguintes actividades:

“g) As que impulsen o emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.”

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a Fundación leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial, materializado na creación e posta en marcha do CEM (Centro de Emprendemento), un edificio ubicado no complexo do Gaiás onde se albergan un espazo de Cotraballo (*Espazo Emprende Gaiás*) para creadores e emprendedores das industrias culturais e creativas, e un Viveiro (*Viveiro Gaiás*) de empresas que posibilita a incubación de proxectos empresariais innovadores e poñer en marcha un programa de asesoramento e acompañamento de creación de empresas.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do emprendemento en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM) dentro dos espazos Emprende Cultura Gaiás e Viveiro Gaiás. Igualmente, e como se manifesta en parágrafos anteriores, cabe subliñar que a Fundación ten como un dos seus fins fundacionais, o impulso do emprendemento empresarial, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

O proxecto SPIN2016 “Creando cultura emprendedora” encaixa cos fins sociais desta fundación, mediante o impulso e o fomento decidido do espírito emprendedor das empresas culturais galegas.

IV.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades (en adiante SX Universidades) apoia as políticas europeas de modernización dos sistemas de educación superior, como impulsores do crecemento e o emprego. Unha cuestión básica para a Comisión Europea, respecto diso, é mellorar a capacidade das institucións do mercado de traballo e da normativa para adaptar as cualificacións aos empregos, e elaborar medidas activas de mercado de traballo para promover o emprego dos titulados e mellorar a orientación profesional.

Igualmente, a SX Universidades está a implementar unha política de promoción de actuacións relacionadas coa transferencia de coñecemento, a valorización da investigación e o desenvolvemento na contorna universitaria, o fomento e apoio á participación dos investigadores universitarios no desenvolvemento económico baseado no coñecemento, así como a procura das fórmulas máis eficaces para a valorización internacional da I+D universitaria.

O Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 establece, dentro dos seus obxectivos o de estimular a adecuación da oferta ás demandas sociais reorientando a oferta docente. En termos funcionais, supón formar profesionais competitivos no contexto socioeconómico actual, incorporando os coñecementos, capacidades, habilidades e aptitudes que demanda unha economía e un mercado laboral en cambio permanente.

No marco do Plan Estratéxico de Galicia dentro do eido universitario inclúese desenvolver accións para a mellora da calidade da docencia universitaria, da empregabilidade do alumnado e da satisfacción dos egresados e empregadores.

O proxecto SPIN 2016 constitúe unha ocasión única para o alumnado de grao e máster do SUG para interactuar dentro da rede universitaria máis importante do mundo en innovación, transferencia de I+D e emprendemento.

Dentro do evento, o alumnado das tres universidades públicas galegas achegarán ideas e modelos de negocio nas distintas categorías e contactarán con axentes públicos e privados.

A Universidade de Santiago de Compostela, en calidade de co-organizadora, e as de A Coruña e Vigo, como colaboradoras, comprométense a facilitar a asistencia do estudiantado, reorganizando o horario lectivo dos días do congreso, e facilitando a mobilidade dos asistentes ao evento.

Así pois, o proxecto SPIN 2016 “CREANDO CULTURA EMPRENDEDORA” encaixa dentro dos obxectivos e misión da SX Universidades de fomento e impulso da investigación universitaria e a empregabilidade, motivo de sumo interese para a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria, poder participar neste congreso.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do orzamento de gastos da Secretaría Xeral de Universidades para 2016 [aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0.- PGFU. Fomento da I+D+I e a transferencia], ingresará a súa aportación directamente á Universidade de Santiago de Compostela, a cal se compromete ao control da adecuación deste importe aos fins indicados neste convenio, como co-organizadores.

III.- Que o Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na súa disposición adicional segunda, designa á axencia Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) como instrumento esencial da consellería competente en economía para desenvolver e aplicar as medidas especificadas no título II da citada Lei, outorgándolle a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

Así pois, o proxecto SPIN2016 “Creando cultura emprendedora” encaixa dentro dos obxectivos e misión do Igape de impulso e apoio ao emprendemento, fomento da competitividade do tecido produtivo de Galicia e facilitar a internacionalización de proxectos emerxentes de empresas galegas.

IV.- Visto todo o anterior, todas as partes están interesadas en colaborar conxuntamente para a celebración do SPIN2016 “Creando cultura emprendedora” na cidade de Santiago de Compostela, concretamente en Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia, e con tal fin, acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se desenvolverá conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as liñas de colaboración entre RedEmprendia, a USC e as entidades pertencentes ou adscritas á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria (IGAPE) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (FUNDACIÓN e SX UNIVERSIDADES), que permitan a celebración do SPIN2016 “Creando cultura emprendedora” en Santiago de Compostela, concretamente en Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia, considerado de interese en beneficio do fin común das institucións asinantes, dentro do seu ámbito de competencias.

Segunda. Imposibilidade de promover a concorrência

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, así coma as

razóns que impidan a concorrência da oferta e exclúan a celebración dun contrato administrativo, polos seguintes motivos:

RedEmprendia, promotora do proxecto SPIN2016 “Creando cultura emprendedora”, integra un total de vinte e oito universidades iberoamericanas, conta cuns beneficiarios potenciais dun millón e medio de estudantes. Ten como finalidade a promoción da transferencia de coñecemento, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e o emprendemento responsables, dende o compromiso co crecemento económico, respecto ao medio ambiente e a mellora da calidade de vida. RedEmprendia é a rede universitaria máis importante en innovación, transferencia de I+D e emprendemento do mundo iberoamericano.

RedEmprendia é a promotora dende a súa primeira edición do evento SPIN, e é propietaria desta marca. SPIN constitúe a gran cita do emprendemento universitario iberoamericano, e así o indican os resultados das súas dúas anteriores edicións (Spin2012-Madrid “Ideas en Acción” e Spin2014-Cidade de México “Emprender únenos”). No ano 2014 foron máis de 1.000 os asistentes, procedentes de 16 países, con máis de 700 referencias en medios de comunicación de 23 países, máis de 350 ideas presentadas por 700 emprendedores.

Pola súa banda, intervéñen como co-organizadora e auspiciadora do evento a USC. A USC é unha das universidades que forman parte de RedEmprendia, conta con una ampla experiencia na organización de eventos similares e asume o papel de Universidade anfitriona na celebración deste evento, ao celebrarse o mesmo en Santiago de Compostela.

Igualmente, a USC actuará como coordinadora das tres universidades do SUG na participación do seu alumnado no Congreso SPIN 16.

Polo exposto anteriormente, tanto RedEmprendia como a USC, polo seu alcance, fins e experiencia, constitúen as únicas entidades coa capacidade suficiente para promover a realización en Santiago de Compostela do evento SPIN na súa edición 2016, e de garantir acadar uns resultados comparables ou mellores aos de edicións anteriores.

Terceira. Contribucións das partes

1. En virtude da colaboración á que se refire a cláusula primeira, RedEmprendia contribuirá á realización de SPIN2016 “Creando cultura emprendedora”, mediante os seguintes procesos:

- a) Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades ou empresas, as actuacións establecidas neste convenio.
- b) Realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente.
- c) Aplicar a achega económica prevista na cláusula de financiamento do presente convenio, ás actividades previstas no seu obxecto, nos termos recollidos nos parágrafos anteriores e posteriores.
- d) Comunicar a programación de actividades que se van desenvolver nos espazos cedidos e informar puntualmente dos cambios no programa á Fundación e Igape.
- e) Mención da colaboración e inserción da identidade corporativa da Fundación e do Igape na promoción do evento e compromiso de incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que edite, en calquera soporte, con ocasión da celebración de SPIN2016.
- f) Xestionar e coordinar ao persoal contratado por RedEmprendia, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a Fundación, o Igape, a USC e a Consellería de todo allea ás devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o

cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.

g) Identificar persoas e/ou vehículos para os efectos de emisión de autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da Cidade da Cultura.

h) Compromiso de incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que edite, en calquera soporte, con ocasión da celebración de Spin2016, incluíndo a identidade corporativa da USC e da Xunta de Galicia nas citadas comunicacións.

i) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereitos de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.

j) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación de actividades empresariais prevista no Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

k) Incorporarse ao Plan de emerxencia e evacuación do/s edificio/s, elaborar o seu propio documento de seguridade e nomear un responsable de evacuación e seguridade para os días do evento. Así mesmo, RedEmprendia responsabilizarase do exceso de ocupación por persoas dos espazos cedidos, que de ningún xeito poderá superar a normativa en vigor, quedando exonerada a Fundación de calquera responsabilidade que puidese resultar do devandito exceso.

l) Cumprir todas as normas que regulan a actividade de control de acceso a eventos públicos.

m) Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

2. En virtude da colaboración á que se refire a cláusula primeira, a USC contribuirá á realización de Spin2016 “Creando Cultura Emprendedora”, mediante os seguintes procesos:

a) Actuar como Co-Organizador do evento, realizando para elo, directamente ou en colaboración con outras entidades ou empresas, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios, de ser o caso.

b) Compromiso de incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que edite, en calquera soporte, con ocasión da celebración de Spin2016, incluíndo a identidade corporativa do Spin2016, de RedEmprendia e da Xunta de Galicia nas citadas comunicacións.

c) Xustificar ante SX Universidades os gastos que se establecen na cláusula de financiamento.

d) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

3. En virtude da colaboración a que se refire a cláusula primeira, a Fundación contribuirá á realización de SPIN2016 “Creando cultura emprendedora”, mediante os seguintes procesos:

a) Actuar como co-organizador do evento, realizando para isto, directamente ou en colaboración con outras entidades ou empresas, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios, de ser o caso.

b) Compromiso de incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que edite no marco das súas campañas xenéricas, en calquera soporte, incluíndo a identidade corporativa do SPIN2016, de RedEmprendia e da USC nas citadas comunicacións, así como as de Igape.

c) Facilitar os espazos de que dispón na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela, debidamente acondicionados para a celebración de relatorios, foros, talleres e seminarios, instalación de postos, celebración de roldas de prensa, concertos e outras actividades artísticas. Os espazos estarán dispoñibles coa suficiente antelación necesaria para a montaxe do evento, e en todo caso, polo menos dez días antes da súa celebración.

d) Achegar o orzamento previsto na cláusula de financiamento, nas condicións e coas prevencións recollidas neste convenio, asumindo os gastos ordinarios derivados do funcionamento do complexo.

e) Autorización da sinalética nos espazos onde se realizará SPIN2016 e no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura, para informar da localización dos locais onde se celebre o mesmo.

f) A achega, de ser o caso, doutros servizos e medios necesarios para o desenvolvemento do SPIN2016 na Cidade da Cultura, a proposta da comisión de seguimento do convenio e sempre que conte co acordo da Dirección da Fundación Cidade da Cultura.

4. En virtude da colaboración a que se refire a cláusula primeira, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da SX Universidades contribuirá á realización de Spin2016 “Creando Cultura Emprendedora”, mediante os seguintes procesos:

a) Aportar á Universidade de Santiago de Compostela como co-organizadora do congreso, o orzamento previsto na cláusula de financiamento, nas condicións e coas prevencións recollidas neste convenio. Esta achega será incompatible con outras achegas públicas ou privadas que puidese recibir a Universidade para este congreso.

b) Compromiso de incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que edite, en calquera soporte, con ocasión da celebración de Spin2016, incluíndo a identidade corporativa do Spin2016, de RedEmprendia e da USC, ademais da propia, nas citadas comunicacións.

5. En virtude da colaboración á que se refire a cláusula primeira, o Igape contribuirá á realización de SPIN2016 “Creando cultura emprendedora”, mediante os seguintes procesos:

a) Actuar como co-organizador do evento, realizando para isto, directamente ou en colaboración con outras entidades ou empresas, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios, de ser o caso.

b) Compromiso de incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que edite, en calquera soporte, con ocasión da celebración de SPIN2016, incluíndo a identidade corporativa do SPIN2016, de RedEmprendia e da USC nas citadas comunicacións.

c) Achegar o orzamento previsto na cláusula de financiamento, nas condicións e coas prevencións recollidas neste convenio.

d) Dar soporte institucional ao SPIN2016, aparecendo como entidade co-organizadora no material promocional de márketing e difusión do evento SPIN2016. A utilización de logotipos institucionais axustarase, no seu caso, ao manual de uso da entidade.

e) Colaborar coa RedEmprendia na publicidade da organización do evento a través dos seus gabinetes de prensa e involucrando aos medios de comunicación na difusión do SPIN2016. As accións de comunicación a nivel local que leven a cabo serán complementarias e estarán coordinadas coas desenvolvidas polo

departamento de comunicación da RedEmprendia, que será o encargado en última instancia de xestionar a comunicación do evento. Calquera acción con medios de comunicación, nacionais ou internacionais, estará acordada polas partes e será coordinada por RedEmprendia.

f) Colaborar coa RedEmprendia na captación de empresas, particulares e institucións que participen no evento, realizando para iso as oportunas labores de planificación, difusión e comerciais necesarias, dentro do seu ámbito competencial e de actividade propia. En particular, o Igape realizará difusión e apoio para a captación de *spin-off* e *startups* de vangarda, especialmente entre as pemes innovadoras do tecido empresarial galego apoiadas polo organismo.

g) Participar na elaboración dos contidos do programa de conferencias e no deseño das distintas actividades incluídas no evento. En particular, o Igape identificará e contactará con relatores e investidores estrela e identificará boas prácticas para compartir.

h) Facilitar información ás empresas SM4S (*startups* en fase de aceleración e acceso a financiamento) sobre apoios de carácter financeiro e paquete de axudas para a implantación de empresas innovadoras en Galicia.

i) Xestionar a participación da Rede de mentores do Igape para o apoio dos emprendedores, particularmente os de M2M (proxectos en fase de fortalecemento do seu modelo de negocio) e SM4S.

j) Colaborar a través de ViaVigo Aceleradora no *Stars Fas Track de Smart Money for Stars*, programa de aceleración intensivo, dunha semana de duración, para empresas fortemente innovadoras xurdidas das universidades iberoamericanas.

k) Colaborar en todas as accións en relación co evento, garantindo o cumprimento das condicións acordadas na cláusula sexta, salvo que as partes alcancen un acordo sobre a súa modificación, nas condicións establecidas na cláusula décima.

Cuarta. Cesión de espazos pola Fundación

A Fundación, tal como se establece na cláusula terceira, cederá os espazos necesarios para a celebración do evento, asumindo os custos correspondentes á seguridade de edificios e complexo, limpeza, mantemento das instalacións, subministro de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial, civil ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados por RedEmprendia) ou impostos que afecten o inmovible.

Quinta. Gastos atendibles

Con carácter xeral, considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio, é dicir, dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.
2. O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que acredite a súa exención e consecuentemente non resulte recuperable para RedEmprendia ou para a USC.
3. Será obrigatorio presentar tres orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 9.000 € e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

4. Os gastos nos que incorra RedEmprendia ou a USC serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, sen que en ningún caso a contribución do Igape aos fins do convenio xunto coas outras cantidades superen o 100% do gasto incorrido.

5. Todos os gastos externos xustificados por RedEmprendia ou a USC deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

Sexta. Financiamento

O orzamento total previsto para a realización da actividade obxecto do convenio ascende á cantidade de cincocentos mil euros (500.000,00 €), dos que RedEmprendia contratará e xestionará gasto por importe de 450.000 €, e a USC contratará e xestionará gasto por importe de 50.000 €. As partes comprométense a achegar as seguintes cantidades, nos termos establecidos nesta cláusula:

1. RedEmprendia achegará o 60,00% do orzamento global ata un máximo de trescentos mil euros (300.000,00 €) con cargo aos seus orzamentos, comprometéndose a asumir o incremento sobre os gastos previstos que puidesen producirse, que excedan dos 500.000 € previstos.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da SX Universidades achegará un máximo de cincuenta mil euros (50.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0.-PGFU, sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres. Fomento da I+D+I e a transferencia. A SX Universidades atenderá seguinte tipoloxía de gastos: publicidade, deseño e imaxe do evento.

As achegas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da SX Universidades, realizaranse á USC unha vez xustificada a realización dos gastos sobre os custos apoiados.

3. A Fundación achegará un 10,00% do orzamento global xustificado pola RedEmprendia e USC, ata un máximo de cincuenta mil euros (50.000,00 €), con cargo aos seus orzamentos para o exercicio 2016 (conta contable asociada 650), sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres.

4. O Igape achegará un 20,00% do orzamento global xustificado pola RedEmprendia e USC, ata un máximo de cen mil euros (100.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.6402 para o ano 2016, sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres. O IGAPE atenderá gastos segundo o seguinte detalle:

- a) Comunicación
- b) Partnering
- c) Organización evento (Honorarios secretaría técnica, Acondicionamento de espazos, Catering, Stands, Gastos xerais, Tradución, Persoal de salas e produción)
- d) Dietas e viaxes
- e) M2M emprendedores (Formación M2M, Gastos viaxe, Premios)
- f) SM4S empresas (Formación SM4S, Gastos de viaxe, Premios, Foro de investimento, Talleres WIMBA)

As achegas da Fundación e o Igape, que non teñen carácter de subvención, realizaranse a RedEmprendia unha vez xustificada a realización dos gastos por RedEmprendia sobre os custos apoiados, e recibida certificación da SX Universidades onde se indique o gasto efectivamente xustificado pola USC.

O anexo I “Memoria Económica” detalla esta contribución.

As achegas que se realizan alcanzan única e exclusivamente os custos derivados da execución deste convenio; ningunha das partes asinantes obterá lucro algún derivado da realización deste programa. Unha vez realizadas e executadas as actuacións, no caso de que o gasto realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que iso non supoña unha realización deficiente do proxecto, a achega destas entidades reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe da achega respecto ao gasto.

Sétima. Xustificación e pagamento

A data límite de xustificación das actuacións será o 15 de novembro de 2016. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial dos importes establecidos neste convenio.

As achegas da Fundación e o Igape realizaranse unha vez xustificada a realización dos gastos por RedEmprendia sobre os custos apoiados. Igualmente a achega da SX Universidades realizarase unha vez xustificada a realización dos gastos pola USC sobre os custos apoiados

RedEmprendia deberá acreditar a realización do gasto ante a Fundación e o Igape e a USC ante a SX Universidades por medio da seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas, con mención especial a datas de celebración, resume de contidos e relatores (no caso de relatorios), datas e importes de concesión e proxectos seleccionados (no caso de premios concedidos ao emprendemento), datos relativos a participantes, número de asistentes e datas de celebración (no caso de foros, concertos,...)

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:

a) Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.

b) Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.

c) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

d) Xustificación, no seu caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade.

e) Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 9.000 €, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas especiais características dos gastos atendibles non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou agás que o gasto se realice con anterioridade ao asinamento do presente convenio (circunstancia que se acreditará mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañado da documentación de acreditación do pagamento). No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Esta presentación de ofertas, debe de realizarse atendendo ao artigo 23.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico respecto á prohibición de presentar ofertas de empresas vinculadas.

f) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Secretaría Xeral do Igape realice estas consultas polos seus propios medios.

g) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

h) Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo II deste convenio.

i) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundación, e o Igape, resérvanse o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Procederá a minoración da achega concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos establecidos, ou ben o financiamento adicional obtido sumado ás achegas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundación e do Igape exceda os custos xustificadas, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

RedEmprendia e a USC manterán a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundación e do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

Oitava. Difusión da colaboración

RedEmprendia e a USC comprométense a incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que edite, en calquera soporte, con ocasión da celebración de SPIN2016.

RedEmprendia e a USC recoñecen á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundación, ao Igape o dereito para realizar ao seu cargo campañas de publicidade propias e a difundir pola súa conta, e a través dos medios que teñan por conveniente, a súa achega á celebración de SPIN2016 en Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia.

Para os efectos do previsto na presente cláusula, as partes proporcionaranse mutuamente os modelos de marcas ou logotipos que deban ser difundidos, e axustaranse en todo caso, calquera que sexa o material no que se insiran, aos deseños facilitados que non poderán modificar nin alterar de ningunha maneira sen o consentimento previo da outra parte. Así mesmo, cada unha das partes autoriza ás demais en virtude do presente convenio ao uso das súas marcas e signos distintivos para a realización das accións de publicidade e promoción do evento, aínda que a dita autorización non supón a concesión de dereitos nin expectativa de dereito algún, limitándose única e exclusivamente aos fins previstos no presente convenio, finalizando automaticamente no momento da extinción do convenio, calquera que sexa a súa causa.

Novena. Comisión de seguimento

Para facilitar a execución e desenvolvemento así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada por dez membros, designando cada parte dous deles, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. A dita comisión constituirase no prazo de 30 días contados desde a sinatura deste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima. *Modificación das condicións*

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da Comisión de Seguimento, e formalizarase a través da subscrición da correspondente addenda.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo primeira. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2016.

Á marxe do anterior, o presente convenio poderá extinguirse pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Cumprimento do seu obxecto.
- a) Cumprimento do prazo de vixencia.
- b) Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.
- c) Acordo expreso de ambas as partes.
- d) Incumprimento das obrigas dunha das partes.

Décimo segunda. *Causas de resolución*

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, ou de mutuo acordo polas partes asinantes.

Ademais das xerais, tamén son causas de resolución do presente convenio de colaboración as desviacións de fondos achegados para outro fin distinto do que motivou o convenio de colaboración.

A resolución anticipada do presente convenio non afectará ás actividades en curso.

Décimo terceira. *Confidencialidade*

As partes obríganse a observar estrita reserva e confidencialidade sobre toda a información que, con ocasión do presente convenio, reciba unha sobre os negocios e asuntos propios da outra parte, entre os que expresamente se inclúen sectores de actuación, plans de desenvolvemento, información técnica, información comercial e información de custos, que teñen a consideración, en canto ás súas especificacións ou características técnicas, de segredo comercial, obrigándose a non utilizar dita información en calquera forma ou finalidade allea ao estrito cumprimento do presente acordo. A dita obriga esténdese a cantas persoas se contraten por calquera das partes na execución das prestacións do convenio, a cuxo efecto as partes do presente convenio se obrigan a poñer en coñecemento das mesmas e esixirlles idéntica obriga de confidencialidade.

Décimo cuarta. *Tributos*

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que sexan do seu cargo segundo a lei.

Décimo quinta. *Publicidade*

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape, e a

Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Décimo sexta. *Protección de datos de carácter persoal*

As partes garanten que o tratamento de datos persoais xerados ou obtidos con motivo da celebración do obxecto do presente convenio, a través das funcionalidades das que sexa titular, cumpren o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Décimo sétima. *Autorizacións*

RedEmprendia e a Fundación consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Décimo oitava. *Natureza e xurisdición*

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude do disposto no seu artigo 4 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexerase polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito ambas as dúas partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo novena. *Normativa aplicable*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscripción dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as consellerías da Xunta de Galicia, os organismos autónomos ou entes de dereito público da

administración autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

O que en proba de conformidade asinan por cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

**Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia
e pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia**

Román Rodríguez González
Conselleiro e presidente do Padroado da
Fundación

**Polo Instituto Galego de Promoción
Económica**

Francisco José Conde López
Presidente do Igape

Pola RedEmprendia:

Senén Barro Ameneiro
Director Xeral

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

Juan M. Viaño Rey
Reitor

**ANEXO I
MEMORIA ECONÓMICA**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A REDEMPEINDIA PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “SPIN2016 CREANDO CULTURA EMPREENDEDORA” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA (CIDADE DA CULTURA DE GALICIA)

RedEmprendia, a USC, e as entidades pertencentes ou adscritas á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria - Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) - e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Fundación Cidade da Cultura (FUNDACIÓN)) establecen convenio de colaboración para a organización do evento **SPIN2016 en Galicia entre o 29 setembro e o 1 de outubro do ano en curso, baixo o lema “Creando Cultura Emprendedora”.**

O orzamento total previsto para a realización do evento obxecto do convenio ascende á cantidade de cincocentos mil euros (500.000,00 €), segundo se detalla nos cadros que seguen:

CONCEPTO	DETALLE	TOTAL €
COMUNICACIÓN		92.572,55
Publicidade	30.100,00	
Imaxe	42.000,00	
Deseño e imaxe	20.472,55	
PARTNERING	2.700,00	2.700,00
ORGANIZACIÓN EVENTO		168.204,45
Honorarios secretaría técnica	23.900,00	
Espazos	36.814,45	
Catering	51.240,00	
Stands	33.000,00	
Gastos xerais	6.500,00	
Tradución	11.200,00	
Persoal de salas e produción	5.550,00	
DIETAS E VIAXES	45.250,00	45.250,00
M2M EMPREENDEDORES		126.450,00
Formación M2M	32.000,00	
Gastos viaxe*	24.450,00	
Premios	70.000,00	
SM4S EMPRESAS		54.925,00
Formación SM4S	31.500,00	
Gastos de viaxe	11.300,00	
Premios	6.000,00	
Foro de investimento	6.125,00	
Talleres WIMBA	9.898,00	9.898,00
TOTAL		500.000,00

GASTOS A ASUMIR POR REDEMPRENDIA:

CONCEPTO	DETALLE	TOTAL €
COMUNICACIÓN (publicidade, deseño e imaxe)	42.572,55	42.572,55
PARTNERING	2.700,00	2.700,00
ORGANIZACIÓN EVENTO		168.204,45
Honorarios secretaría técnica	23.900,00	
Espazos	36.814,45	
Catering	51.240,00	
Stands	33.000,00	
Gastos xerais	6.500,00	
Tradución	11.200,00	
Persoal de salas e produción	5.550,00	
DIETAS E VIAXES	45.250,00	45.250,00
M2M EMPRENDEDORES		126.450,00
Formación M2M	32.000,00	
Gastos viaxe*	24.450,00	
Premios	70.000,00	
SM4S EMPRESAS		54.925,00
Formación SM4S	31.500,00	
Gastos de viaxe	11.300,00	
Premios	6.000,00	
Foro de investimento	6.125,00	
Talleres WIMBA	9.898,00	9.898,00
TOTAL		450.000,00

GASTOS A ASUMIR POR USC:

CONCEPTO	DETALLE	TOTAL €
COMUNICACIÓN		
Publicidade, deseño e imaxe	50.000,00	
TOTAL		50.000,00

As partes asinantes do convenio comprométense a achegar as seguintes cantidades:

ENTIDADE	ACHEGA
REDEMPRENDIA	Trescentos mil euros (300.000,00 €)
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades	Cincuenta mil euros (50.000,00 €)
Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE	Cen mil euros (100.000,00 €)
Fundación Cidade da Cultura - FUNDACIÓN	Cincuenta mil euros (50.000,00 €)

A **FUNDACIÓN** cederá os espazos necesarios para a celebración do evento, asumindo os custos correspondentes á seguridade de edificios e complexo, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial, civil ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados por RedEmprendia) ou impostos que afecten o inmovible.

RedEmprendia na realización das actuacións obxecto do convenio contribúe con gastos de persoal propio para o desenvolvemento das distintas obrigas que asumen, tales como a organización, coordinación e desenvolvemento das actividades necesarias para a execución do evento.

RedEmprendia comprométese a asumir gastos que supoñan a celebración do evento, ao marxe de que correspondan con conceptos ou cuantías non recollidas nesta memoria, e con independencia de que se acade ou non o financiamento previsto polas achegas de patrocinadores ou outro tipo de financiamento.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE TITULARIDADE CONTA BANCARIA

D/D^a _____ con DNI nº _____,
actuando en nome e representación de RedEmprendia,

DECLARA:

que a seguinte conta bancaria, da que é titular RedEmprendia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do "Convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica, a RedEmprendia e a Universidade de Santiago de Compostela para a organización do evento "SPIN2016 Creando cultura emprendedora" en Santiago de Compostela (Cidade da Cultura de Galicia)".

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

_____, ____ de _____ de 20____
(Sinatura da persoa representante)